A young boy with dark skin and short hair, wearing a green school uniform, is peering through a doorway. He is smiling and looking towards the camera. The background is a green wall with some peeling paint. A white line graphic, resembling a stylized arrow or a checkmark, is drawn across the upper right portion of the image.

AÍNDA NOS QUEDA CAMIÑO

Campaña Mundial pola
EDUCACIÓN
www.cme-espana.org

**Proposta
didáctica para
infantil, primaria
e educación non
formal**

.....
**Semana de Acción
Mundial pola
Educación**

20-26 de abril de 2015

índice

1

Introdución

Obxectivo xeral da Semana de Acción Mundial pola Educación
Obxectivos xerais da proposta didáctica
Obxectivos didácticos e criterios de avaliación
Consideracións xerais
Para afondar
Avaliación da proposta didáctica

8

10

Educación infantil (3 a 5 anos)

Actividade 1. É importante vir á escola?
Actividade 2. Quero ir á escola!
Actividade 3. Mobilización

Primeiro ciclo de primaria (6 a 8 anos)

Actividade 1. De maior quero ser...
Actividade 2. Que acontecería se non che deixasen aprender máis?
Actividade 3. Mobilización

12

17

Segundo ciclo de primaria (8 a 10 anos)

Actividade 1. O código
Actividade 2. A entrevista
Actividade 3. Mobilización

Terceiro ciclo de primaria (10 a 12 anos)

Actividade 1. A escola dos nosos sonhos
Actividade 2. Construímos a nosa escola
Actividade 3. Mobilización

20

Educación non formal (5 a 12 anos)

Actividade 1. A carreira de obstáculos da educación das nenas no mundo
Actividade 2. Detectives do dereito á educación
Actividade 3. Mobilización

24

Actividade de mobilización para todos os niveis

25

Cuestionario de avaliación



Introdución

Chegamos ao ano 2015, a data escollida para conseguir a Educación para Todos e Todas (EPT), pero vemos que aínda resta moito camiño por andar para que se cumpran os 6 obxectivos da EPT, fixados no Foro Mundial sobre Educación celebrado en Dakar, Senegal, no ano 2000.

É moito o que se ten feito nestes anos en que millóns de persoas no mundo traballamos coordinadamente para conseguir unha educación de calidade que abranguese a tódalas persoas. Consequimos que a educación fose recoñecida como ferramenta fundamental para combater a pobreza e que moitos países teñan investido os recursos necesarios na elaboración e execución de plans nacionais de educación. Asistimos á abolición de taxas escolares en moitos países, entre eles Burundi, Etiopía, Ghana, Quenia, Mozambique, Malaui, Nepal e Tanzania. Tamén se teñen dado avances no acceso das nenas á escola, na posta en marcha de programas de alfabetización de persoas adultas e na elaboración de plans de actuación conxuntos que teñen vido a abordar o acceso á educación dun xeito máis integral (por exemplo, a colaboración entre diferentes ministerios). A revalorización da profesión docente tamén ten sido unha cuestión clave á hora de reivindicar unha educación de calidade para tódalas persoas.

Aínda así, son moitos os desafíos que restan por superar. Segundo a Unesco, a día de hoxe, 58 millóns

de nenos e nenas en idade de cursaren a ensinanza primaria que non van á escola en todo o mundo, e case a metade é probable que nunca o consigan. A pesar de que esta cifra se ten vido reducindo dende o ano 2000 –cando ascendía a 102 millóns–, o ritmo de descenso estancouse nos últimos anos, e entre 2010 e 2012 (últimos anos dos que se teñen datos) tan só se reduciu en dous millóns. Case a metade destes nenos e nenas (30 millóns) viven en países da África subsahariana –onde non se ten producido ningún avance nos últimos cinco anos– e 12,4 millóns na Asia meridional e occidental.

A proporción de nenos e nenas que non van á escola é maior en familias de zonas rurais e con escasos recursos e nas zonas en conflito, afectando en maior medida ás nenas que aos nenos.

A estas cifras cabería sumar os 63 millóns de adolescentes de entre 12 e 15 anos que non cursan secundaria, o que suma un total 126 millóns de menores de 16 anos que non van á escola, segundo datos da Unesco.

Outro dato desalentador ten que ver coa porcentaxe de nenos e nenas que abandonan o colexio antes de chegaren ao último curso de primaria. En 2012, esta cifra foi de 34 millóns, o que supón un índice de deserción escolar temperá do 25%, igual ca no ano 2000.

Se temos en conta as persoas adultas, os índices de alfabetización, apenas melloraron. En 2011 había 781 millóns de persoas analfabetas, o que representou unha diminución de só un 1% dende o ano 2000.

coñecemento crítico, competencias e habilidades necesarias para propoñer, conceptualizar e solucionar problemas que se producen a nivel local e mundial e contribúe activamente ao desenvolvemento sostible e democrático da sociedade.

A educación de calidade tamén é fundamental para cumprirmos co resto dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), como a **paridade de xénero, a equidade, a saúde, a nutrición, a paz, a consolidación da democracia e a sostibilidade**



A baixa calidade da educación segue a supor un impedimento para que millóns de nenos e nenas adquiren coñecementos básicos. Uns 250 millóns de menores de idade non están a adquirir as competencias básicas, a pesar de que a metade estiveron escolarizados polo menos durante catro anos. É fundamental investir os recursos necesarios para poder contar co suficiente número de docentes ben formados, motivados e remunerados.

Nos últimos anos, a educación ten estado presente nas axendas internacionais, mais temos que continuar a traballar de forma conxunta. Por iso, durante a **Semana de Acción Mundial pola Educación 2015 (SAME)** queremos facer especial fincapé na educación como un dereito humano fundamental e un ben social. A educación de calidade proporciona ás persoas

ambiental. Para iso cremos que un marco crible de desenvolvemento a nivel mundial debe colocar o dereito á educación nun lugar prioritario.

A través destas propostas didácticas pretendemos que o alumnado coñeza os desafíos pendentes para lograr a EPT e que tome conciencia do papel da educación na construción dun mundo máis igualitario onde cadaquén asuma a parte de responsabilidade que lle couber neste reto.

Para iso, a través das mobilizacións que terán lugar na última semana de abril, reflectiremos os elementos necesarios para acadar unha educación de calidade para todos e todas, así como os desafíos que nos restan por conseguir para cumprir os compromisos fixados nos obxectivos de Dakar.

**A CME AGRADECE A
SÚA IMPLICACIÓN
NA ELABORACIÓN E
REVISIÓN DOS
CONTIDOS DESTA
UNIDADE DIDÁCTICA
AOS/ÁS SEGUINTE
DOCENTES E
COLABORADORES/AS**

Juan Rubén Amo, Íñigo Arranz, Montse Bobés, Ángela Caballero, Pilar Domínguez, Carlos Ferreiro, Celsa Formoso, Olga García, Álvaro González, Yenifer López, Iratxe Mentxaka, Ángel Marzo, Elena Ortolá, Fernando Servera, Jessica Simón, Anna Solà e Esperanza Tejedor.

As actividades *A escola dos nosos sonhos* e *Construír a nosa escola* foron adaptadas por FETE-UGT a partir das elaboradas por Ersilia Cooperativa para o proxecto *2015 ideas para cambiar o mundo* de FETE-UGT. A CME tamén recoñece de maneira especial a tódalas persoas que aceptan estas suxestións e as poñen en marcha co alumnado. Deste xeito confirman o seu compromiso coa construción dun mundo mellor, conscientes do poder transformador da educación.



© Salva Campillo/Ayuda en Acción

**OBXECTIVO XERAL DA
SEMANA DE ACCIÓN
MUNDIAL POLA
EDUCACIÓN**

Sensibilizar a clase política e a opinión pública sobre a importancia dunha educación de calidade para tódalas persoas e sobre a necesidade de actuar de xeito urxente para o cumprimento do dereito a unha educación para tódalas persoas.

**OBXECTIVOS XERAIS
DA PROPOSTA
DIDÁCTICA**

1 Coñecer a realidade na cal viven millóns de nenos e nenas que non poden exercer o seu dereito á educación por falta do investimento preciso e vontade política nese ámbito.

2 Valorar os logros da Campaña Mundial pola Educación dende o ano 2000 ata a actualidade, así como os desafíos que nos restan por conseguir para acadarmos unha educación de calidade para tódalas persoas.

3 Asumir, en canto cidadanía activa, a propia responsabilidade fronte a situacións inxustas e comprender que tódalas persoas podemos facer algo para mudalas ou para transformar a realidade.

Capacidades

- * **Aprender a pensar e comunicar:** expresar a través de diversas linguaxes (palabra, debuxo...) como entende e valora conceptos relacionados co tema traballado (escola, amizade, oportunidades, dereitos).
- * **Aprender a descubrir e ter iniciativa:** observar e explorar a contorna inmediata, natural e física, con actitude de curiosidade e respecto, e participar gradualmente nas actividades sociais e culturais.

Feitos e conceptos

- * Todos os nenos e nenas temos que ter as mesmas oportunidades para irmos á escola, todos e todas temos dereito á educación.
- * A escola ten que ter mestres e mestras, estruturas e materiais axeitados para todos e todas.
- * Hai moitas organizacións que traballan para que todos os nenos e nenas vaian ao colexio.

Obxectivos didácticos

- * Coñecermos que todos os nenos e nenas do mundo teñen dereito a iren ao colexio.
- * Descubrir que tódalas persoas se van ao colexio poden facer amigos, coidaren mellor o seu corpo, coidaren mellor os seus amigos e amigas e o medio ambiente, aprenderen cousas e colaboraren para faceren cousas xuntos (o dereito á educación posibilita o acceso a outros dereitos).
- * Recoñecer que moitas persoas xuntas poden axudar a que nenos e nenas vaian ao colexio.
- * Potenciar a autoestima e a autoafirmación.

Procedementos

- * Identificación das súas propias necesidades e das necesidades doutras persoas.
- * Expresión de ideas e sentimentos.
- * Análise de contos.
- * Contribución á consecución dunha escola para todos e todas.

Criterios de avaliación

- * Descubre que ir á escola axuda nas actividades que realizamos cada día.
- * Utiliza diferentes linguaxes (verbal, artística...) para expresar sentimentos e vivencias sobre o dereito á educación de nenos e nenas.
- * Recoñece a importancia de que os nenos e nenas poidan ir ao colexio.
- * Traballa con outros e outras para facer cousas conxuntamente.

Valores e actitudes

- * Actitude de escoita nas conversas e respecto pola quenda da palabra.
- * Aceptación das propias necesidades e dereitos e as dos demais.
- * Traballo en equipo.
- * Participación activa en propostas e actividades.

Primaria

Competencias básicas

Lingüística

Fortalecer a habilidade para expresar e interpretar pensamentos, sentimentos, opinións, vivencias e feitos de forma oral e escrita.

Social e cidadá

Valorar a oportunidade de poder ir á escola: o dereito á educación axúdanos a todas e todos na nosa vida diaria.

Reflexionar sobre o traballo en equipo para conseguir obxectivos comúns, dificultades e oportunidades.

Coñecemento e interacción co mundo físico

Comprender sucesos e as súas consecuencias e actuar para a mellora das condicións de vida propia e das demais persoas.

Feitos e conceptos

- * O dereito á educación para todos e todas.
- * A educación axúdanos noutros dereitos como a da saúde, o de expresámonos con liberdade, o de sermos creativos ou o de participarmos.
- * Que se fixo para que se cumpra o dereito á educación?
- * Que podemos facer nós para que a educación sexa para todos e todas?

Obxectivos didácticos

- * Comprendermos a importancia do dereito á educación para tódalas persoas.
- * Coñecer situacións actuais da súa contorna máis próxima e do mundo nas que se vulnera o dereito á educación de moitas persoas e tornarse sensible a elas propondo actuacións razoables.
- * Recoñecer a necesidade de cumprir dereitos e deberes, tanto persoalmente coma a nivel colectivo.
- * Coñecer a función que desempeñan as persoas con cargos políticos con respecto ao cumprimento do dereito á educación e os mecanismos que os nenos e as nenas teñen para daren a coñecer, reclamaren e faceren seguimento do dereito á educación.

Procedementos

- * Consulta e recolla de información.
- * Recoñecemento de actitudes responsables.
- * Traballo en grupo.
- * Adestramento de habilidades sociais (expresión de ideas e sentimentos, amosar acordo e desacordo, negociar, escoita).
- * Elaboración de textos e definicións.
- * Preparación de actividades, accións, peticións, manifestos ou compromisos que promovan o dereito á educación de todos e todas.
- * Análise de testemuños.

Criterios de avaliación

- * Recoñece a importancia de tódalas persoas e o seu valor a pesar das diferenzas.
- * Identifica, describe e rexeita, amosando unha posición crítica perante as desigualdades de feito e de dereito que se producen entre as persoas.
- * Participa na vida centro e da súa contorna, e realiza propostas para sensibilizar e dar a coñecer a importancia do dereito á educación para todos e todas.
- * Infórmase, investiga e amosa interese por coñecer os mecanismos cos que nos dotamos en democracia para mellorarmos a nosa contorna e a sociedade local e global na cal vive.

Valores e actitudes

- * Desenvolvemento de actitudes de diálogo, escoita e negociación para chegar a acordos.
- * Recoñecemento do dereito á educación como instrumento necesario para ter unha vida digna.
- * Recoñecemento de mecanismos para participar e mobilizarse polo dereito á educación.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1 As distintas actividades están formuladas para seren realizadas tanto no **ámbito formal** coma en espazos de **educación non formal** (grupos scout, ludotecas, entidades de lecer, etc.).

2 Os termos **“profesorado”**, **“equipo educativo”** e **“docente”** empregámoslos para referirmonos a educadores e educadoras, facilitadores/as, monitoras/es, etc. tanto no ámbito formal coma no non formal.

- 3 As actividades propostas están pensadas para **distintos grupos de idades**, pero pódense adaptar para seren utilizadas co alumnado doutros niveis.
- 4 **O tempo proposto para cada actividade é orientativo.** Cada facilitador/a poderá adaptalo consonte as características do grupo, dispoñibilidade de tempo etc.
- 5 Deixamos en mans de cada educador/a a **temporalización das actividades** durante o último trimestre de 2014 (data na cal ha recibir as propostas didácticas) e abril de 2015 (data na que se celebrará a SAME en todo o mundo).
- 6 Na nosa web (www.cme-espana.org) **podes atopar este material en PDF** e acceder directamente a tódalas ligazóns que aparecen neste material.

PARA AFONDAR

Nesta proposta suxerímusche actividades para traballares o tema dos logros da educación para tódalas persoas. Sen embargo, a consecución da mesma está interconectada con moitos aspectos da educación.

Se queres traballalo máis polo miúdo co teu alumnado, indicámusche algúns recursos onde atoparás actividades e materiais.

Na **páxina web da campaña (www.cme-espana.org)** podes atopar as propostas didácticas de SAME anteriores:

2014 Educación inclusiva. Dereito á educación das persoas con discapacidade	2013 Revalorización da profesión docente	2012 Dereito a unha educación temperá de calidade	2011 Dereito á educación de mulleres e nenas	2010 Financiamento da educación	2009 Alfabetización de mozos e mozas e persoas adultas	2008 Educación e exclusión



Na **canle de Youtube da CME** (<http://www.youtube.com/user/CMEspain>) podes atopar vídeos de interese relacionados co tema.

Tamén te animamos a **coñeceres os seguintes recursos sobre o dereito á educación.**

Bibliografía complementaria

- Coalición Española de la Campaña Mundial por la Educación. 2014. *Habilidades democráticas. Capacidades emocionales y sociales*. <http://cme-espana.org/publicaciones>
- Coalición Española de la Campaña Mundial por la Educación. 2014. *Habilidades democráticas. Derecho a la educación y participación ciudadana*. <http://cme-espana.org/publicaciones>
- Conferencia Mundial de Mujeres y Educación. 2014. <http://pages.ei-ie.org/women2014/index.php?lang=es&Itemid=218>
- Unesco. 2014. *Enseñanza y aprendizaje: lograr la calidad para todos. Informe de seguimiento de la EPT 2013-2014*. <http://www.unesco.org/new/es/education/themes/leading-the-international-agenda/efareport/reports/>
- Unesco. 2014. *Data tell us*. (vídeo) <http://www.youtube.com/watch?v=ENNVA2QsM9M&feature=youtu.be>
- Campaña Mundial por la Educación. 2013. *Documento de debate sobre la educación post 2015*. <http://cme-espana.org/publicaciones>
- Entreculturas. 2013. *Derecho a aprender: educación de calidad, educación transformadora*. http://www.entreculturas.org/files/documentos/estudios_e_informes/DerechoAaprender.pdf?download
- Plan Internacional España. 2013. *Por ser Niña. El estado mundial de las niñas 2013*. <http://plan-espana.org/que-hacemos-programas-desenvolvemiento/campana-ong/por-ser-ninas/informes>
- Unicef. 2013. *Estado Mundial de la Infancia 2013. Niños y niñas con discapacidad*. http://www.unicef.org/spanish/sowc2013/files/SPANISH_SOWC2013_Lo_res.pdf
- Educación Sin Fronteras. 2012. *Objetivos de Dakar: Acercándonos a la situación de la educación en Centroamérica*. <http://www.educacionsinfronteras.org/es/848872>
- Entreculturas. 2012. *Educación y participación: un sueño posible*. http://www.entreculturas.org/files/documentos/estudios_e_informes/EducacionyParticipacion_UnSuenoPosible.pdf?download
- Unesco. 2012. *Los jóvenes y las competencias: trabajar con la educación*. Informe de seguimiento de la EPT 2012. <http://www.unesco.org/new/es/education/themes/leading-the-international-agenda/efareport/reports/>
- OCDE. 2009. *Education at a glance 2011: OECD Indicators* (resumen) <http://indimar.jimdo.com/educaci%C3%B3n/informes-sobre-educaci%C3%B3n/sueldo-del-profesorado/>
- Unión Europea. 2009. *Marco estratégico para la cooperación europea en el ámbito de la educación y la formación*. http://ec.europa.eu/education/policy/strategic-framework/index_en.htm
- Unesco. *Educación para todos*. <http://www.unesco.org/new/es/education/themes/leading-the-international-agenda/education-for-all/>

AVALIACIÓN DA PROPOSTA DIDÁCTICA

Para o equipo que elaborou esta proposta didáctica é moi importante coñecer se a mesma foi de utilidade para o traballo coas persoas ás que vai dirixido. Por este motivo, pedímosvos que adiqueades un tempo breve a **avaliardes os contidos e metodoloxía suxeridos** e se serviron para acadara os obxectivos expostos na proposta.

Propómosvos:

-- **Un cuestionario para o alumnado**. Podedes atopalo na páxina 25 desta proposta. Entregade a cada alumno/a unha copia do cuestionario e cando o teñan completado enviádeos á Campaña Mundial pola Educación. Pablo Aranda 3. 28006 Madrid.

-- **Un cuestionario para docentes**, que podedes cubrir on-line en www.cme-espana.org.

Educación infantil



Actividade 1

É importante vir á escola?



Duración

1 hora



Materiais

Papel, cores, recortes de revistas, cola.



Desenvolvemento

A actividade comezará solicitando ao alumnado que **debuxe ou plasme sobre unha cartolina ou papel como é a súa escola, destacando aquelas cousas que máis lle gustan**. Esta actividade pode realizarse con lapis de cores, pinturas, colaxe onde aparezan fotografías e debuxos, ou calquera outra técnica.

Mentres o alumnado debuxa, suxírese ao profesorado que debuxe tamén, no encerado e con xices de cores, a fachada dunha escola con algúns detalles (cartel que poña escola, ventás bonitas...).

Cando os nenos e as nenas teñan rematado, penduraranse todas as creacións nunha parede da aula, e pediráselles que se senten en forma de semicírculo no chan e que expliquen o seu debuxo destacando aquilo que máis lles gusta da súa escola. O profesorado irá anotando no debuxo do encerado aquelas palabras que van saíndo da descrición dos debuxos.

Unha vez rematado, preguntaráselle ao alumnado:

- 1 Como vos sentiríades se non puidese vir á escola?
- 2 Que cousas ou persoas botarías en falta?

Finalmente, axudaráselles a tomaren conciencia de que ir á escola é un dereito de tódalas persoas e que implica moitos aspectos positivos: aprender, relacionarse, compartir, sentimento de igualdade... e que ningún neno ou nena debería quedarse sen exercer ese dereito.



Avaliación

Para rematar, avaliarase a actividade por medio de iconas ou simplemente completando frases coma: unha cousa boa que aprendemos é..., o mellor foi...



gustoume



non me gustou



non entendín



Actividade 2

Quero ir á escola!



Duración

1 hora



Materiais

Debuxos feitos polo profesorado antes da actividade (opcional).



Desenvolvemento

Proponse iniciar a actividade sentando o alumnado en círculo e explicando a seguinte historia.

Suxírese acompañar de debuxos feitos anteriormente polo profesorado ou presentar en forma de teatro.

Hai moito tempo nunha cidade moi afastada vivía unha nena chamada **Marta**. Marta tiña 7 anos. Erguíase cada mañá para axudar a súa nai a preparar o almorzo dos seus dous irmáns maiores antes de que estes se fosen para o colexio.

Ela víaos irse contentos e acompañados dos seus amigos. Marta devecía por ir á escola, por facer novos amigos e amigas e por aprender a ler e escribir... sentíase triste por **non poder ir**, xa que debía quedar na casa a coidar das súas outras dúas irmás máis pequenas en canto os seus pais traballaban no campo.

Aquí deixaremos a historia e **preguntarémolle ao alumnado que lles pareceu**.

Cren que é xusto que Marta non poida ir á escola coma os seus irmáns? Que cousas se está a perder por non ir á escola? Cren que Marta se sentiría mellor se fose á escola?

Unha vez feita a reflexión conxunta, tentarase acabar en grupo a historia para que teña o final que nos gustaría.



Avaliación

Para rematar, avaliarase a actividade por medio de iconas ou simplemente completando frase como: unha cousa boa que aprendemos é..., o mellor foi...



gustoume



non me gustou



non entendín

Actividade 3. Mobilización



Ver páxina 24



Primeiro ciclo de primaria



Actividade 1

De maior quero ser...



Duración

40-45 minutos



Materiais

Papel, cores, lapis, blu-tack



Desenvolvemento

Para iniciar a actividade, **pediremos ao alumnado que de xeito individual debuxe nunha folla aquela profesión que lle gustaría exercer de maior**. Debaixo deberán escribir dúas tarefas que fan as persoas que realizan esa profesión.

Unha vez feito este traballo individual propomos ao profesorado que expoña tódolos debuxos nunha parede da aula e que de xeito grupal **promova a reflexión ao redor das seguintes preguntas**:

- 1** Cres importante poder escoller o que queres ser de maior? Que cres que precisas para poderes chegar a exercer esta profesión?
- 2** Se non foses á escola, poderías facer as tarefas da profesión que queres exercer de maior? Por que?

O profesorado guiará a actividade facéndolle ver ao alumnado a importancia dunha educación de calidade para acadar os nosos obxectivos e os nosos soños.



Avaliación

Pediráselle ao alumnado que **pensen e compartan en parellas as seguintes preguntas**. Que fixeron nesta actividade? Que é o que máis lles gustou? Que aprenderon?

A continuación, deberán escribir nun folio un titular que resuma o que aprenderon.

Eses titulares penduraranse na parede ao redor dos debuxos que realizaron anteriormente.

Actividade 2

Que pasaría se non che deixasen aprender máis?



Duración

50 minutos



Materiais

Cartolina grande de cor para cada equipo, pinturas, rotuladores, lapis e goma, blu-tack.



Desenvolvemento

Suxíreselle ao profesorado iniciar a actividade coa lectura da seguinte historia.



Historia de Sara

Sara era unha nena de 7 anos que vivía nunha cidade pequena, á beira do Mediterráneo. A noite anterior deitárase tarde e cando esa mañá escoitou o despertador de seu pai, pensou:

- Que sono! ¡Uffff, pronto virán erquerme para ir ao coleio e non quero ir, quero continuar durmindo! - e agochoouse debaixo das sabas.

Aos dez minutos, Marcos, o seu irmán maior, xa estaba a tirar da manta que cubría a súa cabeza para que se erquera, vestira e fora correndo almorzar.

- O que daría por non ter que ir ao coleio e poder durmir cada día ata o mediodía - suspirou Sara mentres se vestía.

Logo de se vestir, almorzar e cepillar os dentes, Sara foise ao coleio co seu irmán maior. Ao achegárense ao coleio, un gran balbordo, chamou a súa atención. Autobuses e coches amontoábanse fronte á entrada da escola e nenos e pais con faciana de preocupación ollaban cara ao gran enreixado de cor verde, que permanecía pechado.

Sobre ela un gran cartel anunciaba: **"DESDE HOXE QUEDA PROHIBIDO IR Á ESCOLA E APRENDER."**

Despois da lectura, comentamos: Quen é Sara? Onde vive? Por que non quería ir ao coleio? Por que había tanto balbordo na porta da escola? Que puña no cartel? Entre toda a aula comentaremos as respostas.

A continuación, o alumnado imaxinará que unha nova lei prohibelles seguíren estudando. Dun día para outro deben deixar de asistir ao coleio, xa non poderán aprender máis.

En grupos de 4 ou 5 estudantes **pedirémolle que reflexionen a partir das seguintes preguntas**. Que lles parecería? Que acontecería? Como sería o seu día a día a partir dese momento? Como se organizarían os seus pais? Unha persoa de cada grupo comentará as reflexións que fixeron.

Para rematar, por grupos farán un mural no que plasmen en forma de colaxe por que é importante a educación nas súas vidas. Exporanse todos os murais nun lugar visible da aula.



Avaliación

O profesorado pedirá aos e ás estudantes que o desexen, que compartan co resto da aula aquilo que máis lles tivese gustado da actividade e o que aprenderon.



Segundo ciclo de primaria

Actividade 1

O código



Duración

50 minutos



Materiais

Debuxos con indicacións



Desenvolvemento

Propomos ao profesorado que divida a aula en grupos de 4 ou 5 estudantes. **Díselles que imaxinen que chegaron novos a unha cidade e queren ir á escola, pero perdéronse.** A cada un dos grupos entregaráselles un texto cunhas indicacións que deben seguir.

O obxectivo de cada grupo será debuxar un mapa e sinalar o itinerario que deben percorrer para chegaren á escola. Para iso, deberán descifrar un texto no que se citará e o percorrido que deben facer. Unha vez teñan descuberto o camiño a seguir, deberán marcalo con cores.

Para descifrar o itinerario daráselle a cada grupo un destes textos.

Texto grupo 1

Ana e Miguel están perdidos na cidade

Para poder chegar ao seu colexio, deben seguir recto pola Avenida Cataluña e viraren na segunda rúa á esquerda. Xusto na esquina onde está a farmacia deben virar de novo para a esquerda, continuaren recto ata a cuarta rúa, volver virar á dereita, e aí seguíren recto ata a rotonda. Tomarán a rúa que hai na cuarta saída e virarán de novo cara á esquerda cando atopen o restaurante *Mar Rojo* (xusto na primeira esquina á man esquerda). Seguirán recto e atoparanse co colexio ao final da rúa (é unha rúa sen saída).

Texto grupo 2

Ana e Miguel están perdidos na cidade

Para poder chegar ao seu colexio, deben seguir *** pola Avenida Cataluña e /// pola segunda rúa á dereita. Xusto na esquina que está a +++ deben /// de novo á ??, seguir *** a cuarta rúa, volver á /// dereita e continuar *** ata a rotonda. Tomarán a rúa que hai na cuarta saída e de novo /// á ?? cando atopen o restaurante *Mar Rojo* (xusto na primeira esquina a man ??). Seguirán *** e atoparanse co colexio ao final da rúa (é unha rúa sen saída)

Símbolos (non se lle darán ao alumnado, deberanos adiviñar):
 *** recto, cara adiante
 /// xirar
 +++ farmacia
 ?? esquerda

Texto grupo 3

Ana และ Miguel จะหายไปในเมืองได้ ในการสั่งซื้อจะเดินทางมาถึงที่โรงเรียนพวกเขาเดินทางตรงไปตามแนว Avenida de Cataluña และที่ถนนที่สองที่อยู่ทางด้านขวา อยู่ในบริเวณมุมโดยรอบที่มีร้านขายยาที่จะต้องโค้งไปทางซ้ายอีกครั้งตรงไป 4 ถนนสายและเปิดอีกครั้งไปทางขวาและดำเนินการต่อโดยตรงผ่านวงเวียน ใช้ถนนสายที่มีอยู่ในทางออกที่สี่และอีกครั้งจะหมุนไปทางซ้ายเมื่อท่านได้พบกับร้านอาหารที่"สีแดงทะเล"(อยู่เพียงในบริเวณมุมครั้งแรกที่อยู่บนฝั่งด้านขวามือ).

(texto en tailandés)


Cando esta parte da actividade teña rematado **suxírenselle á aula unha serie de preguntas** do seguinte tipo:

- 1 A que se debe que uns grupos teñan rematado antes que os demais? Que grupo rematou primeiro? E segundo? Por que?
- 2 Que vos parece que algúns grupos tiveran o texto lexible, outros algunhas palabras con código e outro grupo cun texto ilexible en castelán?
- 3 Como vos sentistes os que tiñades menos claves ou ningunha?



Posteriormente, dáselle algúns datos.

Por exemplo, que **no mundo hai 58 millóns de nenos e nenas sen escolarizaren¹, e convídaselles a reflexionaren sobre as limitacións que iso supón**, preguntándolles sobre que cousas das que fan no día a día non poderían facer porque se precisa ler ou escribir.



Avaliación

Para rematar a actividade preguntáremoslles se lles gustou e que aprenderon.

¹ Instituto de Estadística de la Unesco.



Actividade 2

A entrevista



Duración

1,5 horas (ou en dúas sesións de 45 minutos)



Materiais

Historias dos nenos e nenas, cartolinas ou folios e lapis



Desenvolvemento

Recoméndase ao profesorado que agrupe os estudantes en parellas. **Unha persoas asumirá o papel de entrevistadora e a outra adoptará o rol dun/unha rapaz/a doutro país.** Para podermos guiar este rol entregárase unha historia na que debe basearse.

A actividade consiste en que o/a entrevistador/a faga unha serie de preguntas relacionadas coa educación ao rapaz/a doutro país.



Historias para repartir entre os estudantes que adoptarán o papel de rapaz/a doutro país:

Damián Peñañiel
2



Damián Peñañiel é un mozo de Ecuador que ten 21 anos. Ten pouca visión, pero, a pesar diso, no colexio relacionábase con todos os nenos e nenas, participaba en tódolos xogos e era igual có resto de compañeiros. Mesmo gañou un concurso no que todos os participantes tiñan que narrar o mesmo libro. Máis adiante, Damián recibiu unha bolsa para estudar nun colexio dedicado á educación de persoas con discapacidade na cidade de Quito, a capital do seu país.

Damián traballa para axudar os seus pais e os seus irmáns menores. É o encargado de reciclar os envases de plástico nun viveiro de plantas. Despois do seu traballo, prepárase para ir ao colexio, onde estuda contabilidade. Damián quere ir á universidade e estudar Administración de Empresas para montar o seu propio negocio e axudar a súa familia e amigos.



Samira Mohamed
3

Samira ten 18 anos. Naceu nos campamentos de refuxiados de Tinduf, en Alxeria. Estudou alí ata sexto de primaria, porque nos campamentos non tiña a posibilidade de estudar a secundaria. Ademais Samira estaba a perder visión e non quería irse a estudar fóra, así que quedou un ano nos campos sen estudar.

Tivo a oportunidade de viaxar a Barcelona para valorar o seu problema, pero a pesar das dúas operacións cirúrxicas ás cales se someteu, non conseguiu recuperar a visión. Porén, alí comezou un proceso educativo para acadar maior autonomía: aprendeu a ler e escribir braille, a manexarse co caxato e poder valerse por si mesma. Ademais decidiu seguir estudando para poder chegar a ser mestra. Unha das súas motivacións é poder axudar os nenos e nenas cegas dos campamentos. Actualmente Samira atópase de novo nos campamentos de refuxiados saharauís tentando levar a cabo os seus soños.

² Campaña Mundial pola Educación 2014.

<http://www.cme-espana.org/estudio-de-caso/me-relacionaba-con-todos-los-ninos-participaba-en-todos-los-juegos-yo-era-igual-que>

³ Campaña Mundial pola Educación 2014.

<http://www.cme-espana.org/estudio-de-caso/una-de-sus-motivaciones-para-el-futuro-es-poder-ayudar-ninos-y-ninas-ciegas-de-los>

Yherlin
Vilchez

4



Yherlin naceu en Nicaragua, nunha familia de clase media. Aínda que asistiu a aulas dende pequena, cando o seu pai morreu tivo que compaxinar o seus estudos co traballo para poder axudar a súa nai e os seus irmáns pequenos. Yherlin non deixou de ir ao colexio e, grazas ao seu empeño e constancia, aos 18 anos rematou os seus estudos de bacharelato e asumiu as tarefas de profesora de primaria nunha escola rural.

Sempre tivo interese en asistir a cursos para mellorar o seu labor como profesora, a pesar de que en Nicaragua os/as profesores/as teñen unha media de 36 alumnos e alumnas por aula e un soldo moi baixo, tanto que non poden satisfacer as súas necesidades básicas. Por iso, moitos fan xornadas dobres de traballo. Yherlin non é unha excepción, e a esta dobre xornada, é preciso engadirlle a circunstancia de que segue a estudar na universidade Lingua e Literatura Hispánicas porque, como ela mesma recoñece: “soamente preparándome, superándome, hei ter mellores oportunidades”.



Yuleini

5

Yuleni vive en Barrio Petare, un barrio pobre dos outeiros de Caracas, onde comparte casa coa súa nai, o seu padrasto e os seus catro irmáns e irmás. Cada día, en canto a súa nai e o seu padrasto traballan, ela quédase ao cargo dos outros catro menores: fai a comida, lava e pendura a roupa e xoga con eles entre os cascallos que rodean o seu fogar.

Sen embargo, desde hai uns anos Yuleini puido facer algo que nunca antes fixera: foi á escola. Alí aprendeu moitas cousas e fixo amigos, pero o que máis lle gusta é a profesora xa que a escoita e é agarimosa con ela. As grandes dificultades que Yuleini encarou na súa curta vida convertérona nunha adulta antes de tempo. Sobre os nenos e nenas do seu barrio que non van á escola comenta que “pasan o día a ulir cola, a pedir cuartos e meténdose en leas. Danme mágoa”. Yuleini é especialmente consciente do que lles pode acontecer ás rapazas pobres que teñen escaso acceso á educación. “Quero traballar e estudar. Non quero coma outra rapaza que coñezo que ten 13 anos e está embarazada.”

Petronila
García
Martínez

6



Eu chámome Petronila e nacín en Oria, Almería. Non puiden ir ao colexio porque tiven que coidar dos meus irmáns, xa que os meus pais tiñan que traballar para nos manter. Logo, cando xa meus irmáns foron un pouco maiores, casei e tampouco puiden ir porque tiven que criar os meus fillos. Cando casaron, pensei en estudar, pero dábame apuro porque pensei que a xente había facer chanza de min por ser tan maior (daquela tiña 45 anos). Finalmente apunteime, e dende que vou ao colexio estou máis alegre, con máis ansia de vivir, máis ilusionada.

Eu fun moi retraída, algo desconfiada da xente, e agora vexo que estaba trabucada, que hai xente boa e mala. E sempre fun un pouco cohibida, nunca me atrevín a explicar un chiste, a dar unha opinión e en troques agora, se teño que explicalo, explico. A miña familia está moi contenta tamén. Eu quero aprender e, aínda que saiba ler, noutro ano seguirei indo ao colexio porque por moito que saibas sempre hai moito que aprender. É moi importante para unha muller a educación porque fomos moi escravas, non sabiamos máis ca lavar, coser e traballar e está ben que saibamos ler e escribir para facermos cousas bonitas.

4 Campaña Mundial pola Educación 2006. Proposta didáctica para primaria e secundaria.
<http://www.cme-espana.org/materiais?ano=29>

5 Campaña Mundial pola Educación 2007. Proposta didáctica para primaria e secundaria.
<http://www.cme-espana.org/materiais?ano=30>

6 Campaña Mundial pola Educación 2011. Proposta didáctica para secundaria, bacharelato, persoas adultas e educación non formal. <http://www.cme-espana.org/materiais?ano=34>



Malala é unha rapaza paquistaní de 18 anos. En 2009, cando tiña 12 anos, os talibáns prohibíronlle ás nenas asistir ao colexio. A maior parte das súas compañeiras deixaron de ir á escola por medo, pero ela seguiu acudindo sen uniforme e agochando os libros. Ademais, comezou a contar a súa experiencia nun blog da BBC baixo un pseudónimo. Unha entrevista púxolle cara e a partir dese momento ela e a súa familia comezaron a recibir ameazas de morte.

Un día, unha desas ameazas tornouse realidade, cando un home subiu ao autobús escolar e disparou a Malala na cabeza e no pescozo, deixándoa á beira da morte. Sen embargo ela logrou recuperarse en Birmingham (Reino Unido) e alí continuou estudando. Hoxe en día, Malala segue a loitar polo dereito das nenas e as mulleres á educación e ten recibido numerosos premios por iso.

7 <http://www.rtve.es/noticias/20131010/malala-nina-planto-cara-talibanes-para-poder-estudiar/761461.shtml>



Posibles preguntas para os/as entrevistadores/as:

- 1 Por que cres que é importante ir á escola? Que supuxo a educación na túa vida?
- 2 Que lle dirías ás persoas que pensan que as nenas ou as persoas con discapacidade non teñen que ir á escola?
- 3 Por que pensas que algunhas persoas non queren que outras aprendan a ler e escribir e vaian ao colexio?

Cando remate a presentación, traballárase en grupos. Cada un escollerá a historia que máis lle teña impresionado, explicará por que e plasmará nun debuxo como tería sido a vida desa persoa sen e con educación.

Para iso, dividirán un folio ou cartolina en dúas metades iguais e en cada parte plasmarán a vida do/a protagonista antes de ir ao colexio, e na outra como mudou a partir de ir ao colexio. Os murais penduraránse na aula ou nos corredores do colexio.



En plenario, **reflexionarase sobre as dificultades que atoparon para iren á escola** (discapacidade, traballo infantil, ser muller, etc.) e a repasar cales son os Obxectivos de Dakar non cumpridos en cada caso.

Para finalizar, pódese ver o vídeo da CME *Dos niñas, dos vidas*.
http://www.youtube.com/watch?v=vUqIEcBW_M8



Avaliación

Para rematar, avaliarase a actividade por medio de iconas ou simplemente completando frases coma: unha cousa boa que aprendemos é..., o mellor foi...



gustoume



non me gustou



non entendín

Actividade 3. Mobilización



Ver páxina 24



Terceiro ciclo de primaria



Actividade 1

A escola dos nosos soños



Duración

4 horas (2 sesións de 2 horas)



Materiais

Cadernos, bolígrafos, papelógrafo, rotuladores, adhesivos de puntos



Desenvolvemento

Propomos realizar esta actividade en dúas sesións de dúas hora cada unha.

Sesión 1

Para comezar, suxíreselle ao profesorado explicar que se vai **“investigar” como sería a escola dos nosos soños.**

Con todo o grupo represaranse tódolos lugares da escola, e a cada equipo asignaráselle un ou varios espazos, para que non quede ninguén sen investigar.

Para iso, organizaranse equipos de investigación-traballo de 4 ou 5 persoas, e a cada un daráselle un caderno e campo mais un bolígrafo.


Posibles espazos: aula e patio de infantil, sala de profesorado, cuartos de baño, patio xeral, comedor, biblioteca, aulas de música, ximnasio e aulas específicas.

Cada equipo ha ter que **visitar os espazos que lle tocaron e investigar:**

- 1 Por que cren que é importante que exista ese espazo?
- 2 Que persoas usan ese espazo (alumnado de diferentes idades, de diferentes características, profesorado, outro persoal da escola...)?
- 3 Que lles gusta e que non dese lugar ás persoas que o utilizan (por exemplo, alumnado ao que non lle gusta que algunhas persoas ocupen, seguido, o centro do patio para xogaren ao fútbol, outros aos que lles gusta a decoración da súa aula...).
- 4 Que lles posibilita estes espazos ás persoas que fan uso dos mesmos (por exemplo: poderen xogar, compartiren, aprenderen. relacionárense, etc.)? Como cres que se senten as persoas que os usan?
- 5 Que cambiarían deses espazos as persoas que os usan?

Sesión 2

Nunha nova sesión, farase a **posta en común dos resultados de tódolos grupos**, e nun papelógrafo escribirán as propostas de mudanzas de cada grupo. Debátese se engadirían algunha proposta máis para mellorar cada un dos espazos, e unha vez que xa non hai máis propostas, **realízase unha votación**.



Para facelo, **repartíranse seis adhesivos a cada persoa por cada espazo** (é dicir, se hai catro espazos investigados coas súas respectivas propostas, repartíranse 24 adhesivos). Todo o alumnado debe ter acceso ao papelógrafo onde están escritas tódalas propostas para cada zona.

Para votar, cadaquén pegará os seus puntos do seguinte xeito. Comezando polo grupo 1, a proposta que máis guste, levarase 3 puntos; a segunda que máis guste, 2 puntos, e a terceira que máis guste, recibirá 1. Pásase ás proposta do grupo ou espazo 3, e vólvense repartir adhesivos, así ata térense votado propostas de tódolos espazos.

Tralo recuento de votos, elabórase unha lista ordenando as propostas, da máis á menos votada. Todas esas ideas poden quedar reflectidas nun mural, de xeito que poidamos ver como sería a escola dos nosos soños.

Como idea final, **propónselles compararen esta escola dos nosos soños co listado dos Obxectivos de Dakar**. Quedan todos os obxectos reflectidos?, Como cren que as súas propostas de mellora na escola dos nosos soños pode axudar a que se cumpran?

Tamén se propón reflexionar sobre o que traballaron estes anos para lograr que esta escola dos nosos soños se torne unha realidade para todos os nenos e nenas do mundo. Se na aula se traballaron os materiais da CME outros anos, pódense recuperar para esta última reflexión.

Para rematar, decidírase entre todas e todos como se presenta ao resto da escola o traballo realizado (a través do consello escolar, facendo pequenos grupos que a presenten polas aulas, organizando un acto...)



Avaliación

Como nos sentimos durante todo o proceso? Que nos gustou máis? Que conflitos xurdiron e como os resolvemos?

É importante **traballar a nosa capacidade para resolvermos conflitos pacificamente e aprendermos deles**. Tamén é moi importante dar seguimento ao resultado para non xerar frustración, desmotivación ou a sensación de que participar non serve. Reflexionamos sobre como crecemos como grupo e como nos sentimos tendo máis información sobre a nosa escola.



Actividade 2

Construímos a nosa escola



Duración

1 hora



Materiais

Cartolinas, cartón, tesoiras, escarvadentes, cola, lá, adhesivo, rotuladores de cores



Desenvolvemento

Proponse **iniciar a actividade formando dous grupos de estudantes:**

*** Ao primeiro** repartiráselle algunhas follas de cartolina, unhas tesoiras, dúas caixas de escarvadentes, un nobelo de lá e un rolo de adhesivo.

**** Ao segundo** daráselle o dobre de follas de cartolinas, algunhas follas de cartón, polo menos tres tesoiras, uns poucos escarvadentes, dous tubos de cola, rotuladores de cores e varios rolos de adhesivo.

Cada grupo, cos materiais que ten, **deberá construír unha escola**. Antes de iniciar a “construción” deberán de falar sobre que escola é a que queren, para quen é a escola, que necesidades poderían ter as persoas que irán a esa escola, que espazos deberían haber e como deberían de ser.

A continuación, daráselles quince minutos a cada grupo para construíren a súa escola cos materiais que teñen. Transcorridos cinco minutos, o profesorado quitará o nobelo de lá e os escarvadentes que lle queden ao grupo 1 e darállos ao grupo 2 sen dar ningunha explicación.

Ao esgotar os quince minutos, **reflexionaremos xuntos/as sobre que escola se conseguiu construír** dende cada grupo. Propóñense algunhas preguntas para o debate:

- 1 Parécense ambas escolas? Cales son as características fundamentais en ambas?
- 2 Logrouse construír a escola que cada grupo quería? Por que?
- 3 Que dificultades atopastes á hora de construír a escola? Como poderíamos superalas? Como nos sentimos no proceso?
- 4 Que conflitos xurdiron e como os resolvemos?
- 5 Cres que esta situación se dá no noso país? E noutros países? En cales? Que proporías para que esta situación non se dea?
- 6 Alguén do grupo 2 pensou en axudar ao grupo 1 porque tiñan menos recursos para construíren a súa escola?
- 7 Cos materiais que tiñamos, podemos dotar á escola de profesores? Que papel cres que deben de ter os profesores nas escolas?



Avaliación

Para rematar, avaliarase a actividade por medio de iconas ou simplemente completando frases coma: unha cousa boa que aprendemos é..., o mellor foi...



gustoume



non me gustou




non entendín



Educación non formal (5 a 12 anos)

Actividade 1

A carreira de obstáculos da educación das nenas no mundo



Duración

2 horas



Materiais

Adhesivos de cores, cartolinas, rotuladores, témperas ou pinturas de dedo, caixas de zapatos ou cartóns de leite, papel continuo, copias recortadas da imaxe de Eli (tantas como equipos participen).



Desenvolvemento

Trátase **dun gran xogo con distintas probas que reflectirán a situación das nenas en distintas partes do mundo e a súa realidade con respecto á educación.**

Preséntase o gran xogo coa historia de Eli, unha nena que vive nunha pequena aldea de Malauí, e que irá guiando o paso polas distintas probas. Realizaranse adaptacións segundo idades.

Adaptación 1: dende infantil ata 7 anos.

Adaptación 2: de 8 a 12 anos.

Os rapaces e rapazas dividiranse en equipos de 5 ou 6 persoas. O número de grupos terá que ser igual ou menor a 4, que son as probas que se fixaron para que ningún equipo quede parado. Para facer os subgrupos realizarase un pequeno xogo identificando a cada un cun nome de país. Para poder rematar o gran xogo, cada grupo ten que realizar unha serie de probas, e segundo as superen entregaráselles un anaco da imaxe de Eli na escola, para o que terá que dividir a imaxe en tantos cachiños como probas houber.

Haberá tantos monitores/as como probas, e un/unha monitor/a que coordinará que cada grupo chegue á seguinte proba, xa que cada equipo comezará e rematará nunha proba diferente. Como é posible que non todos os equipos demoren o mesmo tempo para realizaren as distintas probas, propónse que os/as monitores/as teñan prontas danzas ou cancións para poder cubrir eses tempos de espera.

Para comezar o xogo contarase unha pequena historia aos e ás participantes. Na adaptación 2 pódese engadir máis información.



Eli é unha rapaza de 8 anos que vive nunha aldea de Haijui.

Hoxe, coma todo os días, madrugou e dispúxose a **comeñar os 3 quilómetros que a separan do seu colexio**. Hoxe saíu máis tarde porque tivo que coidar da súa irmá Sara ata que a súa nai volveu de buscar auga na fonte.

De camiño á escola Eli vai atopando distintos obstáculos. Faremos distintas probas para axudala a chegar ao colexio e que poida continuar a estudar o maior tempo posible. Ao superardes cada proba recibiredes unha parte da imaxe de Eli na súa escola.

1

Camiño á escola

Eli leva á escola un pequeno encerado. E vós que levades?

Adaptación 1: Debuxade unha silueta de tamaño real dunha nena coma vós e noutra a Eli co que cada unha delas levaría ao cole.

Adaptación 2: Pensade nun día normal, en todo o que facedes antes de irdes ao colexio: como chegades, que facedes no colexio,... Trasladade iso nunha especie de liña de metro con distintas estacións. Agora pensade en Eli e no seu percorrido diario dende que se ergue, chega á escola, a súa rutina no cole,... Trasladádeo a un debuxo sobre papel continuo.

2

As miñas amigas

Tanto Eli coma as súas amigas, Ayesha e Gloria, e as súas irmás maiores teñen moitas dificultades para iren á escola.

Todas elas teñen soños. Gloria quere ser mecánica de automóviles, coma o seu primo que vive en Europa. Eli quere ser profesora e Ayesha enfermeira. E vós?

En papel continuo, debuxaredes cun rotulador nubes nas que aparecerá o nome dunha das nenas da historia e o soño que queren lograr de maiores. Tamén debuxaredes nubes co voso nome; nelas, poredes o voso soño. Que queredes ser de maiores?

A todo los/as participantes convidarémolos a reflexionaren sobre a importancia que ten o estudo, a formación para que os soños se cumpran e conseguir unha profesión.

Adaptacións: os máis pequenos poden reflectir os soños con debuxos.

3

Historias da miña contorna

Talent, a irmá de 14 anos de Eli, tivo que abandonar a escola.

A súa nai só foi ao colexio ata os 10 anos, xa que tiña que axudar na casa e coidar dos irmáns pequenos. Coñecemos mulleres na nosa contorna –nais, amigas, avoas, bisavoas–, que non puideran estudar? Poremos nunha cartolina un adhesivo coas mulleres da nosa contorna que sabemos que teñen estudos e as que non. Pensades que a Eli lle sairía igual o mural?

Para a adaptación axudaremos os máis pequenos con preguntas sobre persoas concretas.

4

Ponte nos meus zapatos

A realidade en moitos países é que as nenas como Eli cando cumpren certa idade abandonan a escola para traballaren e/ou colaboraren nas tarefas domésticas.

Que farías se como Eli non puideses continuar no colexio porque tes que traballar para axudar a túa familia? Nesta proba entre todos deberán:

Adaptación 1: pintar en papel continuo pedras que constrúan un camiño que leve a Eli da súa casa á escola. En cada pedra debuxaremos o bo que aprendemos e vivimos no cole e que Eli se ha perder se se sendo nena ten que deixar o colexio para traballar.

Adaptación 2: con caixas de zapatos, de leite, etc. construiremos o camiño, baldosa a baldosa, que leve da súa casa ata a escola de Eli. En cada caixa/baldosa escribiremos unha razón coa que convenceríamos á familia de Eli para que continuara estudando.

O gran xogo terá rematado cando todos os equipos teñan pasado polas distintas bases, completando así a imaxe de Eli unindo as distintas partes.




Avaliación

Ao rematarmos faremos unha pequena reflexión cos nenos/as.

Como se sentiron? Participaron? Cumpríronse os obxectivos propostos? Pareceulles interesante? Que aprendemos?

Actividade 2

Detectives do dereito á educación



Duración

2 horas



Materiais

Rotuladores, mapamundi, fotos e materiais para a investigación



Desenvolvemento

Propónselle ao alumnado que se convertan en **detective do dereito á educación de calidade**, descubriendo que desigualdades atopan en escolas de diferentes países ou comunidades, para comprobar que o dereito á educación non se exerce en todas as partes por igual.

Como bos detectives irán recompilando probas e indicios e resolvendo preguntas para finalmente poderen descifrar o que significa unha educación de calidade para todos e todas.

Para comezar dividimos o grupo en pequenos equipos.

Adaptación 1: nenos/as de 5 a 7 anos.

Pediráselle ao alumnado que debuxe a súa escola e despois amosaráselles fotos das escolas en países de África, os libros que usan os nenos/as en Bolivia, un encerado na India, etc. As imaxes poden ser dos materiais da SAME ou algunhas da web <https://www.pinterest.com/emagister/escuelas-del-mundo/>.

Convidarémolos a **reflexionaren coas seguintes preguntas:**

En que se parecen ás vosas escolas? Gustaríavos estudar alí? Como sería pasar un día alí? A que xogariades?

Adaptación 2: nenos/as de 8 a 12 anos.

Para orientar a investigación propómoslles que preparen un programa de televisión que falará das escolas en diferentes países.

Para iso dividiranse en 5 grupos que traballarán a partir dun conxunto de materiais que lles facilitará o profesorado.

A catro destes grupos **entregaráselles unha das seguintes fichas con información dun país** que van estudar (India, Malí, República Dominicana e España).



India



© Alboan

India é un país da Asia Meridional.

Capital: Nova Delhi

Poboación: 1.237 millóns (Fonte: Banco Mundial 2012)

Idioma oficial: hindi e inglés, pero fálanse máis de 22 linguas diferentes. Nalgúns estados, algunhas delas son a lingua oficial



Malí



© Educo

Malí é un país da África occidental

Capital: Bamako

Poboación: 14,85 millóns (Fonte: Banco Mundial 2012)

Idioma oficial: francés



República Dominicana



© Entreculturas

República Dominicana é un país que ocupa algo máis dos dous terzos orientais da Española, no arquipélago das Grandes Antillas, no Caribe

Capital: Santo Domingo

Poboación: 10,28 millóns (Fonte: Banco Mundial 2012)

Idioma oficial: castelán



España



© Educación
Sin Fronteras

España é un país transcontinental que se atopa situado tanto en Europa Occidental coma no norte de África

Capital: Madrid

Poboación: 46,76 millóns (Fonte: Banco Mundial 2012)

Idioma oficial: castelán Existen outras linguas cooficiais: o catalán maillo occitano (cooficiais en Cataluña), o éuscaro (no País Vasco), galego (en Galicia) e valenciano (Comunidade Valenciana)

Proporáselles que a partir destes datos e das imaxes pensen como sería un día nesa escola, que cousas lles gustan e cales non, etc.

O equipo restante simulará ser un equipo televisivo. O seu exercicio será o de pensar que tipo de preguntas lle farían a un grupo de nenos e nenas que viñeran a falarnos dos seus diferentes países e escolas. Cada equipo escollerá dous representantes (neno e nena) que farán de portavoces na posta en escena da actividade.

Montarase unha especie de estudio e organizaranse quendas de preguntas e respostas entre o equipo televisivo e o resto de equipos que representan os países para contarnos como é a súa realidade.



Avaliación

Ao rematarmos faremos unha pequena **reflexión cos nenos/as sobre a importancia da educación de calidade** e a distinta situación que se vive en función do país onde un teña nacido.

Pódense suxerir as seguintes preguntas. Como se sentiron? Participaron? Pareceulles interesante? Que aprenderon? Divertíronse? Que significa ter dereito á educación? Como é unha educación de calidade?

Actividade 3. Mobilización



Ver páxina 24


Actividade de mobilización para todos os niveis

Durante a Semana de Acción Mundial pola Educación (SAME), millóns de persoas en todo o mundo mobilizarémonos para esixirlle aos nosos gobernantes

o cumprimento do dereito á educación de tódalas persoas, valorar os avances da CME dende o seus inicio e ver que podemos facer cada un/unha de nós (ciudadanía, países, gobernantes,...) para cumprirmos cos desafíos que se nos presentan para despois de 2015.

Entra en www.cme-espana.org para saberes máis cousas do que imos facer e como podes unirse á mobilización.





Cuestionario de avaliación

para alumnado de educación infantil e primaria

Responde a cada unha das preguntas. Escolle a resposta que corresponda coa túa opinión e colorea o cadro respectivo.

	Verde Sei moito deste tema/ Fágoo moi ben	Amarelo Sei algo deste tema/ Fágoo ben	Vermello Preciso axuda sobre este tema para facelo
Sei que é o dereito á educación e os obxectivos de Dakar			
Coñezo algúns obstáculos que existen nos países do Sur para acceder á educación			
Entendo que a educación axuda as persoas a saíren da pobreza			
Busquei e lin información sobre o dereito á educación nos países do Sur			
Participei en debates sobre o dereito á educación			
Expresei as miñas ideas sobre como axudar a que todos os nenos e nenas vaian ao colexio			
Escoitei a opinión doutras persoas sobre como axudar a que todos os nenos e nenas vaian ao colexio			
Creo que podo falar en nome dos e das nenas que non van ao colexio			
Síntome cómodo/a expóndolle aos políticos os temas que son importantes para min			

Somos moitas as persoas que traballamos para conseguir que tódalas persoas exerzan o seu dereito á educación.



Beatriz Elía, de Tudela (Navarra), participou na SAME 2014. Ela é un exemplo de como as persoas con discapacidade intelectual poden exercer o seu dereito á educación e defenderen o de tódalas persoas.

Podedes coñecer máis sobre a súa historia en <http://www.cme-espana.org/estudios-de-caso>

Entra en
www.cme-espana.org e

* Rexistra a túa participación na SAME

* Completa a avaliación dos materiais didácticos

* Segue a CME España nas redes sociais



https://twitter.com/CME_es



Campaña Mundial por la Educación España

Campaña Mundial pola
EDUCACIÓN
www.cme-espana.org

A Coalición Galega da Campaña Mundial pola Educación está integrada por:



Organizacións que participan na SAME a nivel estatal:



Cofinancian:



Este proxecto está financiado pola Unión Europea*

Coordinación: Leticia Silvela/CECME
Corrección de estilo y ortotipográfica: Patricia Garcés
Dirección de arte, diseño e ilustraciones: Maribel Vázquez

* Esta publicación foi producida co apoio da Unión Europea. Os contidos desta publicación son responsabilidade exclusiva da Coalición Española da Campaña Mundial pola Educación e non reflicten en ningún caso a opinión da Unión Europea.